



## CONCELLO DE SANTIAGO

### RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 15 DE FEBREIRO DE 2011

#### LICENZAS.-

#### FAVORABLES.-

**LIC/2345/2010.- M. CARMEN MEJUTO NIEVES.-** Construcción de cuadras para aloxamento e cría de animais no Lugar de Vixoi, Marrozos.

**LIC/590/2010.- CONCEPCIÓN FERNANDEZ MATO.-** Construcción de vivenda unifamiliar na rúa de Muros.

**LIC/1019/2009.- CONSTRUCCIÓN OTERO POMBO.-** Autorización de agrupación de parcelas e legalización das obras de rehabilitación da antiga fábrica de curtidos na Ribeira de San Lourenzo.

**LIC/1468/2010.- JOSÉ FERNANDO SALVADO COSTA.-** Construcción dun galpón destinado á garda de apeiros agrícolas, no lugar de Mourentan, 14.

**LIC/199/2011.- RAMON VÁZQUEZ PARAFITA.-** Construcción dunha vivenda unifamiliar encostada nun dos lindeiros na rúa de Monte Pío

#### DEVOLUCIONES DE FIANZA.-

215/11.- **EMPRESA DE TRANSFORMACION AGRARIA** . Expte. Lic/1683/2006 ..... 12.000 €

143/11.- **UNIKA PROYECTOS UNIFAMILIARES, SA** ..... Expte. Lic/913/2006 ..... 3.000 €

2025/10.- **FRANCISCO JAVI ALCALDE LOPEZ** ..... Expte. Lic/1429/2009..... 3.000 €

1634/10.- **R&C 30 SL** ..... Expte. Lic/2164/2006 ..... 6.000 €

838/10.- **CRC OBRAS Y SERVICIOS SL** ..... Expte. Lic/1741/2005 ..... 50.700 €

849/10.- **CRC OBRAS Y SERVICIOS SL** ..... Expte. Lic/1887/2003 ..... 10.500 €

2590/10.- **MALGA SL** ..... Expte. Lic/1733/2010 ..... 1.000 €

2523/10.- **MALGA SL** ..... Expte. Lic/1734/2010 ..... 1.000 €

#### OCIHR

#### LICENZAS.-

**LIC/2204/2010.- INMOBILIARIA COMPOSTELA SA.-** Reforzo de estructura de edificio na rúa Doutor Teixeiro nº 4-6

**LIC/2233/2010.- JUAN MANUEL NEIRO PULLEIRO.-** Rehabilitación de edificio para uso de vivenda familiar na rúa do Romaño.

#### DISCIPLINA

#### DEVOLUCIONES DE FIANZA.

**DIS/1581/2010.- JOSÉ ALEJO LOSADA ALDREY.-** Devolución de fianza de 601 € depositada en garantía da ocupación da vía pública na rúa de Sar nº 76.

#### **4.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.**

Apróbase a axuda para honorarios facultativos pola redacción do informe sobre o estado de conservación e plan de mantemento dun edificio, por 1.971,19 euros, así como a aprobación do desestimento da axuda de dous solicitantes.

#### **5 a 86.- Propostas da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM).**

Apróbanse os beneficios solicitados.

**87.- Proposta da concelleira delegada de Persoal e Réxime Interior relativa á aprobación do manual de autoprotección do pavillón polideportivo de Santa Isabel.**

Apróbanse o devandito manual, incluíndo o procedemento de actuación previsto en caso de emerxencia que contén, e mais a estrutura e organización humana de autoprotección.

**89.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á solicitude á Xefatura Provincial de Tráfico da Coruña a integración do Concello na aplicación ATMV da Dirección Xeral de Tráfico.**

Acórdase formular a devandita solicitude de integración na aplicación, para a anotación informática dos vehículos debedores do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

**91.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á cesión gratuita a favor do SERGAS da parcela de resultado R-10 do Proxecto de Compensación SUP-4 para a implantación do novo centro de saúde de Conxo.**

Acórdase a formalización da cesión concretando que o prazo no que o SERGAS deberá solicitar licenza de obra de construcción deste centro será de 3 meses e o prazo no que o centro deberá estar implantado será de 2 anos. Parcela valorada en 1.379.560 euros.

**92.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á recepción das obras de urbanización do polígono 1 do SUP-2 e conexións exteriores de saneamento. Cornes.**

Recíbense as devanditas obras.

**93.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á adxudicación definitiva do suministro de mobiliario e equipamento do Centro Sociocultural de Santa Marta, incluída no FES 2010.**

Elévase a definitiva a adxudicación provisional do contrato de referencia á empresa THYSSENKRUPP ELEVADORES, SL, por importe de 142.253,03 euros.

**94.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á aprobación do inicio de contratación das obras de acondicionamento dos centros socioculturais de Busto, San Xulián de Carballal, Enfesta, Villestro e a Trisca.**

Apróbase o proxecto e o prego de cláusulas administrativas e iniciase o expediente de contratación, establecéndose un tipo de licitación de 77.131,28 euros (IVE incluído).

**95.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á aprobación do inicio de contratación das obras de acondicionamento do centro sociocultural de Bando.**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e iniciase o expediente de contratación, establecéndose un tipo de licitación de 63373,27 euros (IVE incluído).

**96.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á aprobación do Programa de Bibliotecas da rede de centros socioculturais para o ano 2011.**

Apróbase o devandito programa, por un importe de 43.200 euros.

**97.- Proposta da concelleira delegada de Participación Cidadá relativa á aprobación da asistencia técnica para a Dinamización das actividades da Casa das Asociacións.**

Apróbase un orzamento de 13.000 euros para levar a cabo o proxecto e adxudícase a asistencia técnica a Teófila Noemí Ruiz (Xestións Culturais).

**98.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa para dar conta da resolución do Concurso de Escaparatismo SCQ Shopping Nadal 2010.**

Dáse conta dos gañadores da edición de Nadal do concurso.

**99.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación da XVI edición do Concurso Literario Ánxel Casal de teatro, poesía e conto.**

Apróbanse as bases do devandito concurso e un orzamento total para o mesmo de 9.597 euros.

**100.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa á adxudicación das obras de reforzo do firme na vía pública en Sarela de Arriba (A Peregrina). POS 2010.**

Adxudícanse as devanditas obras á empresa OVIGA, S.L., por importe de 98.420 euros.

**101.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa á adxudicación das obras de reforzo do firme na vía pública en Munín (Laraño). POS 2010.**

Adxudícanse as devanditas obras á empresa EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., por importe de 59.986 euros.

**102.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa á adxudicación das obras de reforzo do firme na vía pública en Rueiro de Figueiñas-Muiños. POS 2010.**

Adxudícanse as devanditas obras á empresa OVIGA, S.L., por importe de 98.240 euros.

**103.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa á adxudicación das obras de reforzo do firme na vía pública en Cesar. POS 2010.**

Adxudícanse as devanditas obras á empresa EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A, por importe de 133.398,44 euros.

**104.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa á adxudicación das obras de reforzo do firme na vía pública en M-28-V (Sabugueira). POS 2010.**

Adxudícanse as devanditas obras á empresa EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A, por importe de 80.594,69 euros.

**105.- Propostas da concelleira delegada de Persoal relativas á aprobacións de incentivos por xubilación anticipada e corrección de erros en acordo de concesión de incentivo por xubilación anticipada.**

Concédense os devanditos incentivos por xubilación anticipada.

**106.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á contratación da dirección facultativa das obras de remodelación de especies arbóreas e restauración de beirarrúas afectadas polo arbolado no Polígono de Fontiñas.**

Adxudícase o contrato á empresa EZCURRA E OUZANDE ARQUITECTURA, SLP, por importe de 14.796,42 euros.

**107.- Proposta da concelleira delegada de Reforma Administrativa relativa á contratación do servizo de mantemento de aplicacións T-SYSTEMS durante o exercicio 2011 (xestión tributaria, recadatoria, padrón de habitantes e convocatorias electorais).**

Adxudícase o contrato á empresa T-SYSTEMS por importe de 30.672,67 euros.

**108.- Proposta da concelleira delegada de Reforma Administrativa relativa á adxudicación do servizo de mantemento da infraestructura da rede de telecomunicacións do Concello de Santiago.**

Adxudícase o contrato de referencia á empresa TELINDUS, SAU, por importe de 26.668 euros.

**109.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello para o financiamento da obra de ampliación da rede de saneamento en Sionlla.**

Dáse conta da sinatura do convenio polo que a Deputación achega 22.890,02 euros, o 80% do orzamento das obras.

**110.- Dar conta do borrador de convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía e Facenda, o Ministerio de Cultura, a Xunta de Galicia e o Concello para dar cumprimento á disposición adicional quincuaxésima sexta da Lei 39/2010.**

Dáse conta do devandito borrador consistente no encargo ao Consorcio da Cidade de Santiago da realización das actuacións queu aseguren o adecuado desenvolvemento do VIII Centenario da Consagración da Catedral e, en particular, a certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa e o desenvolvemento e concreción dos obxectivos, plans e programas de actividades específicas aplicables á conmemoración do devandito centenario.